# REPASO

*Nome:* ..................................................... *Data:* .......................... *Curso:* ..............

**1** Relaciona as palabras simples para formar palabras compostas e despois completa as oracións.

| cen | para | océano | balón |
|---|---|---|---|
| gráfico | cesto | bens | pés |

- Sara e Alberte xogan nun equipo de .................................................. mixto.
- O .................................................. de Vigo realiza diversas actividades para os colexios da cidade.
- No Museo de Ciencias Naturais hai unha exposición de ..................................................
- Vou darlle os meus .................................................. a Carme por gañar o premio de poesía.

**2** Escribe o nome do que representan os debuxos e indica se é unha palabra simple, derivada ou composta.






.............................. .............................. .............................. ..............................

.............................. .............................. .............................. ..............................

**3** Rodea de vermello os pronomes persoais tónicos e de azul, os átonos.

> Querida Antía:
> Que tal estades ti e a túa familia? Escríbovos para saber de vós e tamén para pedirche un favor. Unha amiga miña vai ir estudar ao teu colexio e gustaríame que a acompañases o primeiro día. Ela e eu crecemos xuntas, e téñolle moito cariño. Xa verás que ben vos ides levar!
> Un bico e moitísimas grazas,
> Xulia

**4** Completa as oracións co demostrativo do tipo que se indica.

- .................................... *(demostrativo de afastamento)* rapaces do fondo son de 6.º B.
- No edificio onde vivo hai .................................... *(numeral cardinal)* andares.
- O .................... *(posesivo de segunda persoa singular)* can é un pastor alemán, verdade?
- Non atopei .................................... *(indefinido)* paraugas no paraugueiro.

# REPASO

*Nome:* ........................................ *Data:* .................... *Curso:* ..........

**5** Escribe o nome destes recursos que se empregan no cómic. Despois, elabora unha viñeta na que os inclúas.



.............................................



.............................................




.............................................

**6** Escribe a palabra que se corresponde con estas definicións. Despois, indica se son palabras compostas (C) ou derivadas (D).

- Utensilio para borrar o que está escrito nun encerado. ▶ ..........................................
- Carteira de peto que serve para gardar billetes. ▶ ..........................................
- Cristal dianteiro dos automóbiles. ▶ ..........................................
- Persoa que está ao cargo dunha tenda. ▶ ..........................................
- Alimento que se toma ao final dunha comida. ▶ ..........................................

**7** Volve escribir as oracións substituíndo as palabras subliñadas por pronomes átonos.

- Pousa a pelota. ▶ ..............................
- Chamaron a ti. ▶ ..............................
- Convidarán a nós. ▶ ..............................
- Fala a min. ▶ ..............................
- Quere atopar o libro. ▶ ..............................
- Devolve isto. ▶ ..............................

**8** Observa o debuxo e escribe o final dunha lenda baseándote nel.



..........................................................................

..........................................................................

..........................................................................

..........................................................................

..........................................................................

*Nome:* .................................... *Data:* .................... *Curso:* ..........

**1** Clasifica estas palabras en simples e derivadas.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ~~cuncha~~ | abridor | azucre | cume | xenio | famento |
| pórtico | menta | ferreiro | teclado | rato | pensamento |

| Simples | | Derivadas | |
|---|---|---|---|
| *cuncha* | | | |
| | | | |
| | | | |

**Ten en conta**

As **palabras simples** teñen unha raíz acompañada ou non de morfemas flexivos.

As **palabras derivadas** teñen raíz e morfemas derivativos, prefixos e sufixos.

**2** Forma dúas palabras derivadas a partir de cada unha destas palabras simples.

- café ▶ *cafeteira, cafetaría*
- xornal ▶ ....................
- cidade ▶ ....................
- estudar ▶ ....................
- deporte ▶ ....................
- carta ▶ ....................

**3** Escribe o nome destes utensilios e indica por que palabras simples están formados.



*crebanoces*

*creba + noces*



....................

....................



....................

....................

**Ten en conta**

As **palabras compostas** están formadas por unha ou máis palabras simples.

**4** Escribe unha palabra simple, unha derivada e unha composta relacionadas cos debuxos.







Nome: .................................... Data: .................... Curso: ..........

**1** Rodea os determinantes destas oracións e clasifícaos.

- Este ano irei de viaxe ao teu país.
- Algúns autobuses teñen a cor azul do meu xersei.
- Vai a aquel armario e colle calquera disfrace.
- Os dous xemelgos teñen catro cans.

| Demostrativos | | Posesivos | | Numerais | | Indefinidos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| este | | | | | | | |

**2** Escribe un grupo de palabras para cada un dos debuxos empregando o determinante que se indica.



Indefinido

varios calcetíns



Posesivo

..........................



Numeral ordinal

..........................



Demostrativo

..........................

**3** Completa este texto cos pronomes tónicos e átonos que correspondan.

nós ~~os~~ lo eles nos Eu vostedes el me

Hoxe veñen os meus curmáns. Recollera ...os... meu pai. Despois, .............. virán con .............. ao espectáculo de humor "........... para ........................!" Como din que é tan bo e que ris tanto con ..........., temos moita gana de ir ve........... . Ao rematar o espectáculo, os meus pais levaran ........... a cear a un italiano, onde preparan unha pasta que ........... encanta!

**4** Inventa unha conversa entre os nenos na que inclúas pronomes de diferente clase.



Nome: .................... Data: .................... Curso: ....................

**1** Relaciona as palabras cos debuxos e escribe unha oración coa palabra resultante.

- abre
- baixa
- pasa







**Ten en conta**

As **palabras compostas con guión** acentúanse graficamente se as palabras simples que as forman levan acento gráfico.

As **palabras compostas sen guión** levan acento gráfico segundo as regras xerais de acentuación.

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

**2** Explica por que levan acento gráfico estas palabras compostas.

- mediodía ▶ ....................
- vaivén ▶ ....................
- lóxico-matemático ▶ ....................

**3** Forma adverbios rematados en *-mente* a partir destes adxectivos.

- rápido ▶ *rapidamente*
- último ▶ ....................
- incrible ▶ ....................
- próximo ▶ ....................
- gráfico ▶ ....................
- ordenado ▶ ....................
- lento ▶ ....................
- xeral ▶ ....................

**Ten en conta**

Os adverbios acabados en *-mente* non levan acento gráfico.

**4** Completa no teu caderno estas oracións cos pronomes interrogativos ou exclamativos.

- *Como* me gustaría cantar no coro!
- Do un ao dez, .................... che gustou o concerto?
- .................... gardastes as cartolinas vermellas e verdes?
- Eu non sei .................... vou ir, se o sábado ou o domingo.

| | |
|---|---|
| ~~como~~ | cando |
| onde | canto |

UNIDADE 3

# AMPLIACIÓN

*Nome:* ........................ *Data:* ................ *Curso:* ..........

**1** Fíxate nas viñetas e completa a cartela e os bocadillos. Despois, engade liñas de movemento na primeira viñeta e un símbolo na segunda.



**2** Cambia os determinantes do seguinte texto por outros e crea un texto novo con sentido propio.

Eu recordo sobre todo aqueles veráns coa miña irmá. Nós quedabamos cos avós. Estabamos varios días desconectados do mundo e o primeiro día de vacacións dos nosos pais recollíannos coa caravana.

..................................................

..................................................

..................................................

..................................................

**3** Inventa unha palabra composta para cada un dos debuxos. Despois, escribe unha oración con cada unha.

a 

b 

c 

a ..................................................

..................................................

b ..................................................

..................................................

c ..................................................

..................................................